

## El Progreso a Chaira

► 7 Novembr, 2017

---

**«A LITERATURA É UNHA FERRAMENTA DE TRANSFORMACIÓN»**

La escritora María Reimóndez es la primera ganadora del premio Agustín Fernández Paz > 5



**MARÍA REIMÓNDEZ** GAÑADORA DO I PREMIO AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ

► O Ilesha, o Concello de Vilalba e a editorial Xerais uniron forzas para lembrar a Agustín Fernández Paz co Premio de Narrativa Infantil e Xuvenil pola Igualdade, que xa ten a súa primeira gañadora: a escritora, feminista e tradutora María Reimóndez

# «Os espazos deben ser biodiversos, precisamos máis voces feministas»

TEXTO: CRISTINA PÉREZ  
FOTO: IVÁN REYMÓNDEZ

**LUGUESA**, con infancia vilalbesa e afincada en Vigo, a escritora María Reimóndez conta no seu haber con numerosos premios literarios en varios eidos, aos que vén de sumar o Premio Agustín Fernández Paz con 'Fóra do normal', un relato «de catro personaxes que non encaixan ata que xuntan». A obra «é unha exploración da importancia de vivir a diversidade como algo positivo», cos «cómicos como fio condutor» e no que «imperea o humor».

**Como senta ser a primeira gañadora dun premio que leva o nome de Agustín Fernández Paz?**

Síntome cunha leducia inmensa e moi humilde porque o legado de Agustín é enorme. É un referente para todas as persoas que nos dedicamos á literatura infantoxuvenil en Galicia e fóra, no literario e no humano. Ademais, creo que este premio é especial porque valora textos que traballen a igualdade en calquera acepción e teño para min que moitas veces os textos que fan algún tipo de crítica non adoitan ter moita fortuna nos premios literarios. Hai unha teima ao meu ver bastante pouco axeitada con que calquera texto que trate cuestións digamos 'políticas' cae no adoutrinamento e eu penso que a literatura é unha ferramenta de transformación social que utiliza a creatividade e a imaxinación para divertir mais tamén para reflexionar sobre o mundo. Este segundo aspecto, ao meu ver, non diminúe, senón que aumenta o valor literario das obras. Nese sentido, que este premio valore o traballo crítico da literatura infantoxuvenil é un punto que valoro especialmente.

**Con que quedaría do escritor vilalbes, que o fai único?**

A literatura de Agustín é profundamente engaiolante mais profundamente humanizante, crítica co mundo e con cuestións básicas como a desigualdade de xénero. Nun contexto no que nin sequera moitas veces as autoras se atreven a poñer nenas como protagonistas dos textos, el traballou sempre cunha sensibilidade abraiante a visibilidade de nenas e mozas, lonxe de estereotipos que por desgraza seguen existindo e conformando unha sociedade desigual. Para min é un referente fundamental no literario, aspirar a chegar a esa



María Reimóndez.

**Agustín Fernández Paz**

«É un referente para todas as persoas que nos dedicamos á literatura infantoxuvenil, no literario e no humano»

combinación de literatura áxil que conecta co seu público lector pero que o transforma e o fai pensar. A nivel humano, tiven a fortuna de coñecer a Agustín, unha persoa que sempre nos apoiou ás que viñamos detrás. Niso tamén procuro parecerme a el todo o posible porque os espazos, tamén os literarios, deben ser biodiversos e precisamos máis voces feministas, críticas, que veñan acompañar

**De preto**

«De Vilalba lembro todas as horas que pasei sentada nos 'ceniceros' coas miñas amigas»

**Cal é o seu libro de cabeceira?**

Imposible escoller un. Cústame a biodiversidade, tamén na lectura.

**Un escritor de referencia?**

Escritor, ningún. Escritoras, unha morea. Dende Susana Sán-

**Premios**

«Que entre tantos orixinais e de forma anónima se escolla un texto teu non deixa de ser unha fortuna inmensa»

nos e sigan as estelas que persoas coma el foron creando en tempos sempre complicados.

**Que supoñen os premios para un escritor?**

Para un escritor non sei. Para unha escritora coma min supoñen primeiramente un motivo de humildade e leducia. Que entre tantos orixinais e de forma anónima se escolla un texto teu non deixa de ser unha fortuna in-

mensa. Mais nestes casos é tamén unha reafirmación dun xeito de escribir, o de enfoque feminista, que recibe moitos ataques. Cada premio a unha autora feminista demostra que se cadra o equilibrio de forzas no noso sistema literario vai cambiando, aínda que queda moito por traballar. Para min a importancia social das cousas tende a superar a importancia individual e é así que acollo calquera valoración deste tipo como un acto de esperanza e de xenerosidade por parte do xurado.

**Ademais de escribir, traduce. Cales son as claves para que unha obra non perda a súa esencia ao desaparecer o idioma orixinal?**

Non conceptualizo a literatura como esencia e moito menos a tradución coma unha perda. A tradución é sempre unha ganancia, non só porque accedemos a unha lectura dun texto novo para o noso sistema literario, senón porque cada tradución ofrece unha visión diferente do texto. Na tradución o máis importante é ser responsable e explícita á hora de dar a entender á lectora dende que punto de vista se está interpretando o texto. Para min a tradución é un espazo político imprescindible, mesmo máis importante cá escrita orixinal propia, porque podo contribuir a que se coñezan en galego voces de mulleres que nos teñen moito que dicir e que contradicir na nosa visión colonial da outra. É nese contexto no que traducín a autoras támiles como Salma ou Thamizhachi Tangapandian. Precisamos escoitar e ler as súas voces para desfacer os nosos prexuízos e crear alianzas que sexan sólidas e críticas.

A miña casa de Vigo e Múnic.

**Unha palabra?**

Feminismos.

**Erradicaría algunha do dicionario?**

As que erradicaría non do dicionario senón da realidade: patriarcaldo, colonización, racismo.

**Que obra sería a súa tradución soñada?**

Gustaríame traducir 'O pozo da soidade', de Radclyffe Hall.

**Un recordo indeleble de Vilalba?**

Todas as horas que pasei sentada nos 'ceniceros' coas miñas amigas, falando e soñando un mundo diferente.